

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO MIXTO PARA O “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVES DAS TIC”, DOUS LOTES, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FEDER MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE (POCS) 2014-2020”

Expediente: 6229/2018

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:3 horas, do día 31 de xaneiro de 2019, reúnen os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura do sobre ou arquivo electrónico A titulado: DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS NO AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES, correspondente ao contrato da obra “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVES DAS TIC”, DOUS LOTES, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FEDER MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE (POCS) 2014-2020”, que se divide en dous lotes:

- Lote 1: SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA.
- Lote 2: RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL.

Os membros da Mesa son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Carmen Gómez Otero, Interventora Municipal
- D. Marcos Andujar Mato, Técnico do departamento Municipal de Informática.
- Non asiste dna. Mar Blanco Casais, concelleira do Grupo Municipal de MOVETE.

ASESOR:

- D. Diego Pernas Fernández, Técnico Informático da Fundación Cultural.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Inicia a sesión o Sr. Presidente da Mesa indicando que se trata dun procedemento aberto no que existen tres sobres que son:

- Sobre ou arquivo electrónico A onde s inclúe a documentación administrativa.
- Sobre ou arquivo electrónico B onde se inclúe a oferta de criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes
- Sobre ou arquivo electrónico C onde se inclúe a oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes.

De seguido dáse lectura ao listado de licitadores presentados a este procedemento, sendo a única empresa que presenta plica a seguinte:

1.-INFORHOUSE S.L.

Despois, pregúntase aos membros da Mesa se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA LOTE 1

Procédese a continuación a apertura do sobre ou arquivo electrónico 1 *Declaración responsable* do Lote 1: “**SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVICIO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA**”. Tras a comprobación da documentación necesaria para o cumprimento dos requisitos previos segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (DEUC e os Anexos VIII e X), a Mesa, por unanimidade acorda admitir a empresa:

1.-INFORHOUSE S.L.

- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA LOTE 2

Comprobese a continuación a documentación administrativa correspondente ao sobre ou arquivo electrónico 1 *Declaración responsable* do Lote 2: “**RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL**”, e comprobada a presentación da documentación necesaria para o cumprimento dos requisitos previos segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (DEUC e os Anexos V, VIII e X) a Mesa, por unanimidade acorda admitir a empresa:

1.-INFORHOUSE S.L.

- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES.

Rematada a cualificación da documentación administrativa, e xa en sesión pública a que non asiste ningún representante da empresa licitadora nin outro persoal alieo á Mesa, procédese a apertura da oferta avaliable a través de criterios de adxudicación cuia cuantificación depende de un xuízo de valor, pertencente ao sobre 2.

Os membros da Mesa unha vez analizada a documentación, que a empresa presentou aos Lotes 1 e 2, e estando correctamente aportada de acordo co establecido no PCAP, por unanimidade, acordan solicitar o preceptivo informe técnico sobre a oferta presentada polo licitador ao Técnico Informático do Concello D. Marcos Andujar Mato para a avaliación dos criterios de valoración establecidos no PCAP.

Unha vez emitido, dito informe someterase ao coñecemento e valoración pola Mesa de Contratación: quedando acordada nesta sesión a data de celebración de nova sesión da Mesa de Contratación para a avaliación e apertura dos Sobres 3 que conteñen a oferta económica avaliable mediante fórmulas matemáticas, que se celebrará o mércores 6 de febreiro ás 10:00 horas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e quince minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)